


boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº33 XUÑO 2006



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

Sobre a nosa primeira *Escola de Primavera*

Había xa tempo que non estaba eu sentado "disfrutando" coma participante dalgunha das actividades que organizamos no Colexio. Esta foi unha ocasión especial e debo, nun primeiro lugar agradecerlle o seu enorme esforzo ás nosas compañeiras Eva e Laura para facer esta nosa primeira Escola de Primavera unha realidade.

Xa postos no apartado de agradecementos, é preciso que deamos as grazas ao Concello de A Coruña por facilitarnos o Centro Cívico Municipal de Monelos, o escenario onde tivo lugar o noso encontro.

En canto a contidos o programa foi bastante denso, polo que me vou permitir destacar só algúns aspectos que para min resultaron de especial interese.

Un dos temas sobre os que máis se traballou foi o da PARTICIPACION. Certamente trátase dun elemento clave na intervención socioeducativa e xa se sabe, na casa do ferreiro... Foi o único aspecto que empañou o encontro. Esperabamos que unha proposta como a que presentabamos aos colexiados e colexiadas suscitase un nivel de participación máis importante. De feito, cando pensamos na escola de primavera, pensabamos que sería un elemento facilitador da participación dos colexiados e colexiadas na ferramenta esencial da nosa vida como Colexio que é a Asemblea. Sí que é verdade que vimos caras novas, que participaron persoas que non o tiñan feito antes.

No encontro, e posteriormente na Asemblea, propúxose a necesidade de afondar neste problema e suxeríronse accións como a utilización das novas tecnoloxías como elemento facilitador. Son varias as iniciativas que neste sentido xa temos posto en marcha: en breve aparecerán máis espazos de participación na nosa (estupenda) páxina web. Sen embargo será porque son algo "carroza" xa que a min isto "non me sabe", recoñezo as facilidades que nos aportan as novas tecnoloxías, pero sigo considerando moi importante o contacto real, pel con pel. Ademais son moi ambicioso e aspiro a un máximo nivel de implicación: non se trata só de opinar, de ser suxeitos de dereitos, trátase de ser actrices e actores, de traballar por un Colexio mellor, por unha realidade mellor.

Outra idea que me pareceu dun grande interese foi a proposta da Concelleira de Educación do Concello de Ames, Pilar Candocia, do concepto "I + B" fronte ao clásico "I + D". Investir para xerar benestar. Vén a ser o fondo do asunto, quizais unha nova visión ou non tan nova. Os nosos esforzos como sociedade sempre foron dirixidos a acadar maiores cotas de benestar, aínda que, sobre todos nos últimos tempos, viuse no progreso (tecnolóxico) a clave deste e quedámonos coa parte en lugar de con todo. Pode ser moi interesante para todos, e sobre todo para os que traballamos máis directamente en conseguir para as persoas un nivel digno de vida, recuperar este sentido orixinal. Tamén lle pedín á concelleira que como política lles recordara aos seus compañeiros e compañeiras esta idea que me dá a sensación teñen algo esquecida. Evidentemente só puideron participar dun dos dous obradoiros aos que ao final tivemos que reducir a nosa proposta inicial, pero me consta que en ambos os dous se traballou arreo. Tiña por aí anotadas varias ideas que recollín despois da Escola de Primavera pero, cousas do caos e da idade que xa non perdoa, perdéronse. Terei que falar con Paloma, a coordinadora do Grupo de Estudos e Intervención Xeragóxica, para ver cómo van os obradoiros de terceira idade e procurar que este deterioro non avance a pasos tan grandes...

Como balance desta primeira Escola de Primavera, penso que se puxeron sobre a mesa cantidade de ideas para servir de base á reflexión para o quefacer diario e que se creou un clima de traballo fantástico. O único aspecto que empañou o encontro foi unha participación máis baixa da que inicialmente tiñamos prevista. Non quería esquecerme, e case o fago, do broche final do encontro que foi a actuación do dúo "Detour" que conseguiu arrincarnos un, mais ben, varios sorrisos a pesar do canso que estabamos despois da xornada de traballo. Fantásticos.

Alfonso Tembrás López

Área de Formación Permanente e Participación Colexial

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Encontro entre Dona Carmen Avendaño, presidenta da Federación Galega de Axuda ao Drogodependente (FEGAD) e Alfonso Tembrás, tesoureiro do CESG, o día 2 de xuño, no que aportou a súa opinión en relación á mellora dos procesos de inserción no ámbito das drogodependencias.
- ✓ Asistencia á xornada "O traballo en equipos e a coordinación nos centros de menores" os días 10 e 11 de xuño, organizada pola Asociación de Centros de Menores co obxectivo de debater sobre esta cuestión. Asistiron Alberto Fernández, presidente, e Laura Cruz, vogal do CESG.
- ✓ Asistencia á "Xornada sobre a protección e intervención con menores", convocada pola Secretaría Xeral do Benestar o día 14 de xuño, co obxectivo de debater sobre este tema, para a mellora das intervencións no ámbito. Asistiu Nely Gómez, vogal do CESG.
- ✓ Envío de carta á empresa Coesco-Deza S.L. (Socysy), para felicitálos pola adjudicación da contratación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Soutomaior (Pontevedra), describíndolles de forma xenérica o perfil do educador/a social, para que o teñan en conta á hora de contratación de persoal.
- ✓ Reunión con Dona Carme Adán Villamarín, Secretaria Xeral de Igualdade, o día 22 de xuño, co obxecto de presentarlle unha proposta de elaboración de estudo dun deseño de servizo social especializado no ámbito das familias, infancias e adolescencias no ámbito municipal. Asistiu Laura Cruz, vogal do CESG.
- ✓ Envío de escritos, en representación de todos os colexios de educadoras e educadores sociais do estado e Asedes, aos Grupos Parlamentarios socialista, popular e mixto (no que está integrado o BNG), co obxecto de ofrecer a nosa total disposición e colaboración de cara á inminente tramitación da lei de creación do *Consejo General de Colegios de Educadoras y Educadores Sociales*, cuxo proxecto foi aprobado polo Consello de Ministros na sesión de 16 de xuño.
- ✓ Xestión de solicitudes de traslado de expediente a colexios de educadores e educadoras sociais do resto do Estado.
- ✓ Xestión de envío de solicitudes de habilitación ao Colegio de Educadoras y Educadores Sociales de Castilla y León (CEESCyL), Colegio de Educadoras y Educadores Sociales de Aragón (CEES Aragón) e Colegio de Educadoras y Educadores Sociales de Andalucía (COPESA)
- ✓ Supervisión, busca de patrocinios e xestión directa da publicación do Libro de Actas das *1 Xornadas A Escola, ¿punto de encontro entre o profesorado e educadores/as sociais?* publicadas conxuntamente polo CESG e por Nova Escola Galega. As Xornadas tiveron lugar en xullo de 2005 na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago,
- ✓ Sentencia estimatoria do recurso contencioso-administrativo contra o acordo da Xunta de Goberno local do Concello de Cerceda, polo que se inadmitía o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno local polo que se aproban as bases para a contratación laboral temporal a tempo parcial e de duración determinada por un ano de animador cultural, publicadas no BOP de A Coruña 12 de agosto de 2005.
- ✓ Resolución desestimatoria do recurso de reposición contra as bases de selección como persoal laboral temporal de tres prazas de técnico local de emprego publicadas pola Deputación Provincial de Ourense no BOP de Ourense de 6 de maio.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases de selección para a contratación laboral temporal de persoal para o Plan Experimental de Emprego 2006 no Concello de Narón (dous orientadores/as laborais e un técnico de emprego), co obxecto de que acepten aos/as habilitados/as polo CESG no proceso selectivo (BOP de A Coruña de 1 de xuño de 2006). As bases foron modificadas para incluír aos habilitados/as. Dita modificación foi publicada no BOP de A Coruña de 21 de xuño.
- ✓ Recurso de reposición contra as bases de selección para a contratación laboral dun Educador/a Social no Concello de Narón, co obxecto de que acepten aos/as habilitados/as polo CESG no proceso selectivo (BOP de A Coruña de 31 de maio de 2006)
- ✓ Escrito ao Concello de Tomiño (Pontevedra) en relación a unha praza de Animador Sociocultural anunciada no xornal *Faro de Vigo* de data 1 de xuño, co obxecto de que cambien a súa denominación para axustala á titulación esixida e ás funcións e características do posto convocado, ou subsidiariamente, acepten a Diplomatura en Educación Social ou habilitación do CESG no proceso selectivo.

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG

- Revista "Perfiles. Revista general de política social" N° 221. Xuño 2006. ONCE.
- Xornal "EM. Entre Mayores. Hablamos de tí". Ano 6. N° 58. Xuño 2006.
- Xornal "Infoxove". N° 2. Xuño 2006. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia.
- Revista "Educar(NOS)". N° 33. II época. Xaneiro-Marzo 2006.
- Actas do VII Congreso Nacional de Organizacións de Maiores: Discriminación por idade. Confederación Nacional de Organizacións de Maiores e Fundación MAPFRE.
- Quaderns d'ètica aplicada a la intervenció social n° 1. *Las personas mayores y el derecho a decidir*. Diputació de Girona.
- Revista infantil "La Voz de Monelos". Centro Cívico de Monelos. Concello de A Coruña.



ARTIGO DE INTERESE

Rincón Deontolóxico

O Código Deontolóxico do Educador e da Educadora Social serve como norma de conduta profesional para os educadores/as sociais no exercicio do seu labor nos diversos ámbitos onde interveñen.

O actual código foi aprobado polo CESG na Asemblea Xeral do ano 2004 e presentado durante a celebración do IV Congreso Estatal do Educador/a Social en Santiago de Compostela en setembro do mesmo ano. En Asedes (Asociación Estatal de Educación Social) existe unha comisión centrada na deontoloxía da profesión, que segue a traballar sobre o texto. Na actualidade hai unha proposta de modificación do mesmo. Este texto, así como o código deontolóxico vixente na actualidade podesdes consultalo nunha nova sección da nosa web, denominada "Rincón deontolóxico". Nesta sección hai tamén un formulario de contacto, xa que é importante que todos fagamos aportacións ao tema. Pero non só nos interesan as vosas suxestións, senón tamén coñecer as dificultades, dúbidas, conflitos e dilemas relacionados con aspectos éticos do exercicio profesional, para intentar reflectilos ou resolvelos na posible modificación do texto actual.

Agradecemos a vosa participación e animámosvos a participar enviando os vosos comentarios a través do formulario, ou de forma pública no foro de www.colexioeducadores.com.

FORMACIÓN CONTINUA

CONVIVERE. II FORO SOCIAL POR UNHAS RELACIÓNS FAMILIARES SEN VIOLENCIA

Organiza: Concello de Elche (Alicante).

Lugar: Elche (Alicante).

Datas: 16, 17 e 18 de novembro de 2006.

Prezo: Antes do 30 de setembro: 150 €. Despois do 30 de setembro: 200 €. Estudantes: 100 €.

Información: Secretaría do Congreso: Tarsa OPC.

C/ Porta Oriola, 6, baixo

03203 Elche (Alicante)

Tel.: 965 453556 Fax: 966 613563

convivere@tarsacom.com

www.convivere.org

GALISENIOR. V SALÓN GALEGO DOS NÓSOS MAIORES

Organiza: Expourense.

Contido: Está dirixido tanto ás persoas de idade avanzada como ás súas familias e profesionais do sector. En paralelo ao Salón celebrarase o I Foro Xerontolóxico Internacional.

Lugar: Ourense.

Datas: 17 e 18 de novembro

Información: Expourense.

Tel.: 988 366030

www.galisenior.es

FORMACIÓN CON DESCONTOS PARA COLEXIADOS/AS

I.S. INTERVENCIÓN SOCIAL (Cursos a distancia)

1) **CURSO BÁSICO DE INTERV. SOCIOLABORAL** (100 h.)

Especialidades: INMIGRANTES, MULLERES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE. (30 h. c/u)

Prezos das especialidades:	1 especialid.	3 especialid.	Aplicaráselles un desconto do 10% aos/as colexiados/as do CEGS.
Soporte papel	90 €	200 €	
Soporte CD-ROM	70 €	150 €	
Soporte Web	50 €	100 €	

2) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MAIORES** (125 h.)

3) **CURSO DE INTERVENCIÓN CON MENORES** (125 h.)

4) **CURSO DE ADOPCIÓNS E ACOLEMENTOS** (125 h.)

5) **CURSO DE VIOLENCIA SOBRE MULLERES: ASPECTOS PSICOSOCIAIS E XURÍDICOS** (100 h.)

6) **CURSO DE MEDIACIÓN FAMILIAR E INTERXERACIONAL** (125 h.)

Organiza: I.S. Intervención Social

Prezo:	Curso 1 (sen esp.)	Cursos 2, 3 e 4	Curso 5	Curso 6
Soporte papel	180 €	240 € c/u	200 €	250 €
Soporte CD-ROM	160 €	220 € c/u	180 €	230 €
Soporte Web	140 €	200 € c/u	150 €	200 €

Aplicaráselles un **desconto do 10%** aos/as colexiados/as do CEGS.

Información: I.S. Intervención Social

C/ Peñalara, 15, baixo esq. 41005 Sevilla.

Tel.: 954 933807 Fax: 954 933808

formacion@intervencionsocial.com www.intervencionsocial.com

NOVAS DOS BOLETINS

EMPREGO

Concello de Narón (A Coruña): Bases da convocatoria específica para a provisión en propiedade de unha praza de Educador Social (BOP de A Coruña de 31 maio)

Concello de Santa Comba (A Coruña): Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza Técnico sociocultural. (BOE de 8 de xuño)

Deputación Foral de Bizkaia: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Trinta prazas de Educador e Educadora de menores. (BOE de 15 de xuño)

Concello de Ávila: Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Técnico de xuventude. (BOE de 16 de xuño)

Concello de Outes (A Coruña): Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2006. Unha praza de Director de centro de servizos sociais. Unha praza de Educador familiar. Unha praza de Dinamizador/a cultural. (DOG de 16 de xuño)

Concello de Ribadeo (Lugo): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Educador familiar. (BOE de 19 de xuño. Modificación no BOP de 30 de xuño)

Concello de Teo (A Coruña): Anuncio da oferta de emprego público 2006. Unha praza de Animador cultural-bibliotecario. Unha praza de Alfabetizador dixital. (DOG de 19 de xuño e BOE de 20 de xuño)

Concello de Sant Pol de Mar (Barcelona): Resolución referente á convocatoria para prover unha praza. Unha praza de Educador social. (BOE de 23 de xuño)

Concello de Esparraguera (Barcelona): Resolución referente á convocatoria para prover varias prazas. Unha praza de Técnico Medio de Inserción Laboral, unha praza de Director de centro aberto, unha praza de Xefe Sección Servizos Sociais. (BOE de 22 de xuño)

Concello de Vilasantar (A Coruña): Resolución pola que se anuncia a oferta de emprego público para 2006. Unha praza de Técnico Local de Emprego. (BOP de A Coruña de 27 de xuño)

OUTROS

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde pola que se convocan axudas para o mantemento e mellora na calidade dos puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais. (DOG de 6 de xuño)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca a concesión de subvencións da área de integración dos inmigrantes, solicitantes de asilo e outras persoas con protección internacional (BOE de 8 de xuño)

Consellería de Cultura e Deporte: Orde pola que se convocan subvencións a particulares, asociacións e institucións culturais para a realización de actividades culturais (DOG de 13 de xuño)

Consellería de Cultura e Deporte: Orde pola que se convocan subvencións para os concellos de Galicia con menos de 5.000 habitantes e as súas entidades públicas con personalidade xurídica propia para a realización de actividades culturais. (DOG de 13 de xuño)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións na área de servizos sociais. (BOE de 14 de xuño)

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se establecen subvencións para o desenvolvemento de programas de integración laboral destinados a persoas retornadas e inmigrantes e se procede á súa convocatoria. (DOG de 16 de xuño)

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Resolución pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a consolidación e fortalecemento de organizacións non gobernamentais de cooperación para o desenvolvemento con domicilio social en Galicia. (DOG de 20 de xuño)

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Orde do 19 de xuño de 2006 pola que se convocan axudas para o desenvolvemento de programas de educación familiar polas corporacións locais de Galicia. (DOG de 26 de xuño)

Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais: Orde pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións do Instituto de Maiores e Servizos Sociais. (BOE de 10 de xuño)

Ministerio de Sanidade e Consumo: Orde pola que se establecen as bases reguladoras das convocatorias para a concesión de axudas económicas a Corporacións Locais para o desenvolvemento de programas de prevención das drogodependencias, con cargo ao fondo de bens decomisados por tráfico de ilícito de drogas e outros delitos relacionados. (BOE de 28 de xuño)

OUTRAS CONVOCATORIAS

OFERTAS DE EMPREGO DE



Para contactar: www.cimoemplego.com
ou chamando ao 902116039 ou 988391525

Oferta nº: 956766 Localidade: Ames (A Coruña) **Posto:** Monitor de tempo libre. Necesaria experiencia con nenos. Entre 20 e 40 anos. Para traballar nun centro de ocio educativo. Realizará obradoiros, animacións infantís e dinamizacións de aulas de xogo. Horario a xornada completa.

Oferta nº: 956521 Localidade: Vigo (Pontevedra) **Posto:** Animador/a infantil. Entre 20 e 30 anos. Realizará xogos e actividades de expresión plástica e dramática para nenos e nenas. Necesaria experiencia como monitor de tempo libre.

Oferta nº: 956775 Localidade: Ourense **Posto:** Animador/a Sociocultural. A partir de 25 anos. Necesaria experiencia ou formación relacionada con Educación Social ou cursos de animación. Traballará nunha empresa dedicada á prestación de servizos socio-sanitarios para a terceira idade.

Oferta nº: 956770 Localidade: Ourense **Posto:** Animador/a infantil. Entre 20 e 35 anos. Traballo a tempo parcial, principalmente as fins de semana e festivos. Necesario carné de conducir. Realizará actividades de animación con nenos.

Subvenciona:



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Coa colaboración de:

